

CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 290/143

Asunto: Estado de Execución do Estado de Gastos e Ingresos do orzamento correspondente ao TERCEIRO Trimestre do 2024, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2023.


En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2024, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao **TERCEIRO** trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de SETEMBRO de 2024.

O formato dos informes que se relacionan da Entidade e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, son extraídos do aplicativo GEMA, tanto dos informes de da Execución Trimestral como do avance da Conta Xeral ao 30/09/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2024 08:27	Páxina 1 de 3
290-143	CSV: AAAH5E-8DA154-EC89C4-PCGF7U-9AQ6FR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 290/143

Información sobre as entidades do Grupo con Orzamento Limitativo

- Gastos e ingresos por capítulos máis resultas da Entidade o da XMU
- Gastos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU
- Ingresos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU
- Modificacións Orzamentarias da Entidade o da XMU
- Devolución de ingresos da Entidade o da XMU
- Recadación Neta da Entidade e da XMU
- Saldo non orzamentarios (Debedores, Acredores, Ingresos e pagos pendentes de aplicación) da Entidade e da XMU
- Remanente de Tesourería da Entidade e da XMU
- Resultado Orzamentario da Entidade e da XMU
- Estado de Tesourería da Entidade e da XMU
- Fluxos de Efectivo da Entidade e da XMU

Estados consolidados

- Gastos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados
- Ingresos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados
- Gastos por Programa e aplicación do exercicio corrente dos estados consolidado
- Ingresos por subconceptos do exercicio corrente dos estados consolidado

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2024 08:27	Páxina 2 de 3
290-143	CSV: AAAH5E-8DA154-EC89C4-PCGF7U-9AQ6FR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 290/143

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

NOTA: como consecuencia do novo aplicativo de Contabilidade orzamentaria-Financeira e Patrimonial, que comenzo a súa implementación o día 1 de marzo ás 14 horas , os informes que se remiten presentan unha configuración distinta.

Toda a información é a consolidada corresponde aos entes con orzamento Limitativo. (Entidade e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo).

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

Conforme

Asdo: O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.

(documento asinado electronicamente)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2024 08:27	Páxina 3 de 3
290-143	CSV: AAAH5E-8DA154-EC89C4-PCGF7U-9AQ6FR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		